



Expte 47062-220

INFORME TÉCNICO DO ANTEPROXECTO DO CAPITULO I DE GASTOS DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2026

ANTECEDENTES

En data 09/07/2025 dase traslado da resolución da mesma data pola que se designa instrutora do expediente 47062-220 a funcionaria S. Estrada Ibañez, Técnica de Avaliación e Formación de RR.HH, así como a participación, colaboración e formación da funcionaria municipal D^a R. Otero Malvárez, técnica de xestión e organización de recursos humanos, no procedemento administrativo a instruír en dito expediente.

Nas tarefas a realizar se dispoñe proceder á incorporación da totalidade dos puntos contidos nas directrices proporcionadas pola superior dirección orzamentaria e contable no anteproxecto do Capítulo I de gastos para 2026.

Así mesmo, ponse en coñecemento da xefatura da Área que, como en anteriores anualidades, e co obxectivo da execución en prazo do expediente, é imprescindible a **colaboración do persoal do servizo de Administración electrónica**, proporcionando soporte e xestión no programa GP7 para a realización da simulación orzamentaria, orixe do anteproxecto do Capítulo I, nas diversas tarefas que o compoñen e que superan os coñecementos do programa a nivel usuario, así como a participación na elaboración e tramitación do expte referenciado de **persoal administrativo** con coñecemento práctico das funcionalidades do módulo de simulación orzamentaria de GP7, que de apoio as tarefas de actualización, almacenamento e alimentación da información relativa ao Capítulo I de gastos na aplicación GP7.

Deste xeito, as funcionarias P. Alonso Cacheiro, Adxunta a xefatura do servizo de Administración Electrónica, naquelas tarefas que supoñan dispor dun especializado nivel de coñecementos do programa de xestión de persoal Ginpix, e T. Ordoñez del Pazo, ao dispor dos coñecementos prácticos necesarios do programa GP7, están a realizar as tarefas pertinentes para a elaboración do Anteproxecto do Capítulo I de gastos do orzamento 2026.

Como cuestión previa, resulta imprescindible deixar constancia expresa da realización de solicitude de ampliación do prazo de finalización, sinalado pola Dirección superior Contable e Orzamentación, dadas as tarefas previas a realizar de actualización de datos no programa xestión de RR.HH e Nómina, así como as incidencias que se están a orixinar -debido ao cambio de acceso ao programa GINPIX7 na nube- na realización das simulacións orzamentarias precisas para a elaboración da documentación do Capítulo I de gastos. O tempo necesario para os cálculos incrementouse considerablemente e estanse producindo paradas nos procesos que obrigan a cambiar o xeito de traballar e a lanzar cálculos por tramos con seguimento continuo. Estas incidencias foron comunicadas á empresa adxudicataria que está a analizar a problemática para detectar a súa causa e depurar o comportamento da aplicación. Isto non impide o cálculo, pero atrasa considerablemente a depuración de datos, a aplicación das modificacións relativas a postos e prazos na simulación orzamentaria e polo tanto, a obtención dos resultados finais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:35	Páxina 1 de 13
47062-220	CSV: A1ADDE-B7CC25-57C8D2-6P4W3D-C2DPRC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por outra banda, as modificacións introducidas nos documentos económicos que conforman o anteproxecto do Capítulo I de gastos fixo necesaria a realización de novos cálculos así como os axustes no documento resumen dos gastos incluídos neste Capítulo.

No presente expediente figuran as “Directrices aprobadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda para formación do Orzamento 2026”, no que achéganse as indicacións sobre custes de persoal no orzamento do ano 2026 asinado pola Tesoureira e Responsable Superior Contable e Orzamentación e conformado polo Concelleiro Delegado da Área, nas que se indican, en síntese, as seguintes directrices:

- Estimación das variacións das retribucións nun 2%, en relación coas retribucións do ano 2025.
 - O incremento aplicarase nos conceptos 100,110,120,121,130 e 143 e aos axustes que procedan nas bases de cotización da seguridade social.
 - Aplicación orzamentaria 92001400000: debera dotarse de crédito suficiente para dar cobertura a todos os nomeamentos vixentes no ano 2025, sendo o máximo de dotación inicial a contida nos orzamentos de 2024
 - Custe seguridade social:
 - Aplicación dun coeficiente corrector por absentismo do 6,97% a toda a plantilla, segundo motivacións expostas no documento
 - nas prazas vacantes non se incluíra o custo aplicable ao desemprego, xustificado polo número de vacantes existentes e que non devengaran custe no transcurso do ano
 - Necesidade de coherencia entre prazas (cadro de persoal) e postos asociados (RPT)
 - Unha vez que se teña formado a estrutura de custes do capítulo 1 de acordo aos programas orzamentarios, os acordos que se adopten de mobilidade de recursos entre programas, quedarán diferidos ao ano seguinte, ao obxecto de non xerar incoherencias entre o orzamento en trámite e aprobado e a asignación dos RR.HH. Polo tanto, deberase evitar a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto, unha vez realizado o proxecto orzamentario 2026. No caso de acordos adoptados no ano 2025, a súa eficacia deberá quedar diferida, condición que debe constar de forma explícita.
 - Dotación inicial das contías a produtividade e gratificación, nos termos cuantitativos do ano 2025 e nas aplicacións que se reflicten na instrución (Aplicacións 13201500000, 13201510000, 13601500000, 13601510000, 92001500000 e 92001510000).
- Como criterio xeral, o número de xornadas de reforzo anual deberá quedar limitado á contía máxima equivalente ao número de xornadas que representan as prazas vacantes.
- A TRE manterá o mesmo criterio que o previsto pola LOXE para o ano 2023.
 - O Seguro colectivo de vida e accidentes, será pola contía do contrato que ten causa no acordo Marco, que segundo se indica ascende a 182778,16€.

-INCREMENTOS A APLICAR

Sen prexuízo das directrices recollidas no informe do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación, o artigo 19 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (LOXE), dentro da regulación de “Bases y coordinación de la planificación general de la



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:35	Páxina 2 de 13
47062-220	CSV: A1ADDE-B7CC25-57C8D2-6P4W3D-C2DPRC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

actividade económica en materia de gastos de personal al servicio del sector público*, recolle no seu apartado dous:

“1. En el año 2023, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 2,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2022, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

2. Asimismo se aplicarán, en su caso, los siguientes incrementos respecto de las retribuciones vigentes a 31 de diciembre de 2022 y con efectos, en ambos casos, de 1 de enero de 2023:

a) Incremento vinculado a la evolución del Índice de Precios al Consumo Armonizado (IPCA). Si la suma del IPCA del año 2022 y del IPCA adelantado del mes de septiembre de 2023 fuera superior al 6 por ciento, se aplicará un incremento retributivo adicional máximo del 0,5 por ciento.

A estos efectos, una vez publicados por el Instituto Nacional de Estadística (INE) los datos del IPCA adelantado del mes de septiembre de 2023, se aprobará la aplicación de este incremento mediante Acuerdo del Consejo de Ministros, que se publicará en el BOE.

b) Incremento vinculado a la evolución del Producto Interior Bruto (PIB) nominal en el año 2023. Si el incremento del PIB nominal igualase o superase el estimado por el Gobierno en el cuadro macroeconómico que acompaña a la elaboración de la presente ley de Presupuestos, se aplicará un aumento retributivo complementario del 0,5 por ciento.

A estos efectos, una vez publicados por el INE los datos de avance del PIB de 2023, se aprobará la aplicación de este incremento mediante Acuerdo del Consejo de Ministros, que se publicará en el BOE.”

En canto ao incremento en retribucións do persoal sobre a de 2025 (nomina xullo 2025), debe incluír o 0,5% correspondente ao ano 2024, o 2% previsto para o ano 2025 e o 1,8% correspondente ao ano 2026, o que supón un incremento total a aplicar do 4,35%

INSTRUCCIÓN DE DOTACIÓN EN PLANTILLA ORZAMENTARIA A CONTEMPLAR NO ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS 2026

En data 03/10/2025 asinase instrución de servizo que contén o seguinte:

“Á vista do informe técnico de data 03/10/2025, tendo en conta o análise do cadro de persoal actual, as OEPs aprobadas, as necesidades manifestadas polas distintas Áreas de Goberno, así como as necesidades do servizo de Extinción de Incendios postas de manifesto nos distintos informes obrantes nos expedientes 43578-220 e 44930-220, como servizo de emerxencias, e da necesidade de reforzo na prestación dos Servizos Sociais manifestada pola Área de Benestar Social, na prioridade da atención a persoas en risco de exclusión social sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente 43010/220), procédase realización das actuacións seguintes:

1.- Creación para a súa inclusión en plantilla das seguintes prazas, segundo informe de data 03/10/2025

- No servizo 213 SEIS: 10 novas prazas
 - 1 praza Oficial
 - 1 praza Sarxento/a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:35	Páxina 3 de 13
47062-220	CSV: A1ADDE-B7CC25-57C8D2-6P4W3D-C2DPRC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 1 praza Cabo
- 5 prazas Conductor/a Bombeiro
- 2 prazas Bombeiro/a
- No servizo 301 Benestar Social:
 - 2 prazas Diplomado/a Traballo social

2.- Actuacións de mellora na ordenación do cadro de persoal municipal e/ou racionalización da plantilla, segundo informe de data 03/10/2025:

Como consecuencia das inconsistencias detectadas entre as OEPs aprobadas, RPT e orzamentos, se deberan racionalizar as seguintes:

- praza vacante “Técnico/a sistemas”: creación da praza “Analista Informática”, con posto asociado “Analista de información”, adscrito ao servizo 113 Administración Electrónica. Réxime funcional
- praza de Oficial conductor e creación dunha praza Of. Coidador Zoo (C2, CE 16, CE 409), asociándose a un posto de nova creación “Oficial de servizos” (C2 CD 16 CE 409), sendo adscrito ao servizo Vigozoo. Réxime laboral
- Dada a necesidade de dispor dunha praza mais de Oficial Coidador Zoo, e a vista da vacante producida por xubilación do seu titular en setembro 2025, dita vacante asociase a un posto de nova creación “oficial de servizos”, sendo adscrito ao servizo Vigozoo. Réxime Laboral
- Prazas vacantes Oficial conductor: creación dunha praza Oficial Mantemento instalacións Municipais, sendo adscrita ao servizo 442 Taller Vías e Obras
- Operario Peón (rex laboral) e creación dunha praza Operario Peón (rex funcional)
- A praza Of. Desinfectador necesaria por atoparse convocada na OEP 20-21-22, asociase a praza vacante producida por xubilación do seu titular e asociada ao posto de Of. Servizos Internos-Xardíns, actualmente en Xardíns. Polo tanto, modifícase a RPT, redeterminando o posto, que pasará a ser Oficial Desinfectador/a, e sendo adscrita ao servizo Control de Plagas. Tanto o posto Oficial servizos internos Xardíns como o posto Oficial Desinfectador configúranse como C2 CD 16 CE 157
- Creación dunha praza de DTS con posto asociado da mesma denominación e a súa adscripción ao servizo 301 Benestar social Réxime funcional
- A outra praza DTS necesaria corresponderíase a actualmente asociada ao posto Xefe/a Xuventude, vacante unha vez resolta a provisión definitiva de dito posto que estase a tramitar no expte 46751-220
- Creación dunha praza de economista, asociada a un posto da mesma denominación na unidade administrativa de Orzamento e Seguimento.
- prazas de Auxiliar (Rex Lab) nos servizos de Parque Móbil e Dirección de Ingresos e Auxiliar servizos internos (Rex laboral) no Arquivo e a Inspección de Tributos, transformase en prazas de auxiliar administrativo (rex funcional). No caso da praza de aux rex laboral asociada ao posto Enlace informático Dirección de ingresos, modifícase de dito posto, pasando a ser Auxiliar admon xeral . A praza creada como consecuencia da racionalización da existente en Inspección de Tributos, asociase ao posto “Axente Tributario” no mesmo servizo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:35	Páxina 4 de 13
47062-220	CSV: A1ADDE-B7CC25-57C8D2-6P4W3D-C2DPRC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Praza Analista Laboratorio, vacante por xubilación da titular da mesma e asociada ao posto Técnica sanidade e salubridade: Creación praza Técnico/a superior Medioambiental , configurada como A1 e con titulación de grado en Ciencias Ambientais, Enxeñería medioambiental, Bioloxía, Químicas e outras da mesma Area de coñecemento. En canto ao posto manteríase o xa existente “Técnico de Sanidade e salubridade”
- Con respecto a praza “Inspector auxiliar Medio ambiente”, asociado ao posto coa mesma denominación e Inspector Auxiliar Urbanismo” asociado ao posto Inspector auxiliar Cemiterios, ambos vacantes, racionalízase ambas prazas , creándose unha nova praza de Inspector/a de servizos, configurado como C1 CD 20 Ce 153 e adscribindose ao servizo de cemiterios, sin prexuízo da súa readscripción a outros servizos deficitarios en inspectores
- Racionalización das prazas de “Monitor Educación Física”, con posto asociado do mesmo nome e “Monitor/a Taller Manualidades” con posto Auxiliar Educación Cedro (C2 CD 18 CE 319).
- Praza vacante Oficial Mercados asociadas a postos “Oficial de servizos internos” no servizo Extinción de Incendios e Salvamento: amortización e creación de prazas de auxiliar administrativo (funcionario), asociadas a posto da mesma denominación. sendo adscrita ao mesmo servizo.
- Praza Oficial telefonista: creación dunha praza auxiliar administrativo, asociada a posto da mesma denominación no mesmo servizo 301, (C2 CD 16 Ce 159)
- Racionalización praza tco medio actividades sociais e educativas, e creación dunha praza de técnico de xestión con posto do mesmo nome no servizo de Turismo
- Revisión praza tecnico medio laboratorio asociado a posto de Técnico Educación ambiental (A2 CD 26 CE 690) e creación unha praza e posto de Técnico de xestión para a Area de medio ambiente (A2 CD 25 CE 690)
- Amortización técnico de xestión (praza vacante asociada anteriormente ao posto xefe comercio) e na actualidade asociada a posto Enxeñeiro Tco Industrial na Area de Seguridade e creación dunha praza de Enxeñeiro tco industrial en dita Area
- Por outra banda os postos vacantes “Oficial Condutor Xestor de Flota” e “Oficial Condutor Palista Especialista e maquinaria” asociados as prazas “Oficial Condutor”, pasarían a denominarse “Oficial Condutor”, coas configuración económica pertinente. Así mesmo o posto “Encargado Instalacións Culturais, con praza asociada de “Capataz”, denominaríase “Capataz”, permanecendo adscrito ao servizo actual
- Reasignación de dous postos 155 Ordenanza porteiro actualmente adscritos a Conserxería Municipal ao servizo 613 EMAO
- Reasignación de 3 postos 155 Ordenanza Porteiro da Conserxería Municipal ao servizo 301 Benestar Social.
- Readscripción dun posto Oficial telefonista actualmente no servizo 232 OAR ao servizo de Estatística
- Reconfiguración posto administrativo no servizo estatística en Administrativo Ventanilla



- Na Área de servizos Xerais procederase a amortización de 5 prazas oficial condutor do servizo “Parque Móbil”, 1 praza oficial electricista do servizo Electromecánicos, 2 prazas capataz dos servizos Limpeza e Taller Vías e Obras, 1 inspector Auxiliar Vías e Obras do servizo Vías e obras, 1 praza Oficial Mercados, asociada a un posto de Oficial servizos internos no servizo de Limpeza, 1 praza “Auxiliar servizos internos, asociada a un posto de igual denominación no servizo de Limpeza e a creación das prazas de Arquitecto (1), Enxeñeiro Minas (1), TAX (1), Técnicos/as Xestión (2) e Administrativos (2)
- Readscripción das empregadas con NP 84742, actualmente na área de Réxime interior, e NP 77177 do servizo 210 Mobilidade, Transportes e Seguridade, ao posto admto. ventanilla do servizo Estatística
- Adscrición provisional ao posto administrativo ventanilla no servizo de estatística a empregada 77323 (expte 43851-220)
- Adscrición aos postos de “Ordenanza Porteiro”, readscritos ao servizo de Benestar social as empregadas con NP 85230 (expte 43635-220) e NP 80638 e 84113

3.- Actuacións complementarias de mellora e ordenación:

- Racionalización dunha praza de Oficial de Mercados (posto Axudante Técnico Educación, no servizo Educación)
- Racionalización de 4 prazas de axudantes de oficios con posto Vixiante instalacións Municipais no servizo Educación
- Readscripción dunha praza e posto de TAX, actualmente na Área de Recursos Humanos e Formación a 440 Área Servizos Xerais

MODIFICACIÓNS ACORDADAS NA MESA DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA EN DATA 13/10/2025

Con data 13/10/2025 tivo lugar a Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, sendo o punto segundo do orde do día, o ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DE GASTOS DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2026 (Expte. 47062-220), na que se acordan modificacións sobre o documento presentado.

Así, acordase a creación dun posto técnico/a de xestión e un auxiliar administrativo/a no servizo da Policía Local, polo que crease no programa 1330 as prazas referidas.

No servizo de Extinción de Incendios acordase a creación dunha praza de sarxento, unha de cabo, 6 prazas de condutor-bombeiro e 3 prazas de bombeiro, e non a de Oficial que figura no informe emitido en data 7/10/2025.

Confirmase a creación das tres prazas propostas de Diplomados/as en traballo social.

En relación coas prazas de axudantes de oficios do servizo de Educación, acordase verificar o número de vacantes de prazas de oficial de oficios existentes que permitan a promoción interna dos postos ocupados “vixiante de instalacións” (Praza axudante de oficios)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:35	Páxina 6 de 13
47062-220	CSV: A1ADDE-B7CC25-57C8D2-6P4W3D-C2DPRC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En referencia as peticións do servizo de medio ambiente, recibidas en data 13/10/2025, mesma data da de celebración da MXN, na proposta técnica asinada en data 07/10/2025, a praza Analista Laboratorio, vacante por xubilación da titular da mesma e asociada ao posto Técnica sanidade e salubridade propoñíase a creación dunha praza Técnico/a superior Medioambiental, configurada como A1 e con titulación de grado en Ciencias Ambientais, Enxeñería medioambiental, Bioloxía, Químicas e outras da mesma Área de coñecemento, mantendo a denominación do posto xa existente “Técnico de Sanidade e salubridade”. O servizo solicita a racionalización de dita praza vacante en unha praza Subgrupo A2 Técnico Medio ambiente, polo que se realiza a modificación proposta

Acordase na MXN a creación dunha xefatura de equipo de Desinfección, dándose a circunstancia de non existir posto vacante de oficial desinfector para poder acceder a dita petición. Amais trataríase dunha modificación de postos e polo tanto a realizar no ámbito da Relación de Postos de Traballo, polo que dito acordo deberá materializarse na RPT do ano 2026

Con respecto ao servizo de Turismo, manteñese a proposta de creación dun posto de técnico/a de xestión, procedendo na RPT 2026 a adscripción dun posto a maiores de auxiliar administrativo/a.

Na devandita reunión confirmase a no necesidade de manter a praza de monitor de educación física con posto da mesma denominación do servizo Cedro, incluída na OEP 24, toda vez que, tal e como se informou en dita reunión, en próximas datas deixara de ser competencia do Concello.

Por outra banda unifícase na aplicación orzamentaria 221.0.1620500, os custes dos seguro de vida e accidentes, tal e como foi solicitado pola representación sindical.

-INCIDENCIA DA APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2025

O artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), dispón que os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de posto de traballo (RPT), sen que poidan existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

A aprobación da RPT, que corresponde a Xunta de Goberno Local, constitúe unha manifestación da potestade autoorganizativa da Administración Local recollida no artigo 4.1 da LRBRL que se ben ten un marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978) e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación.

Neste senso a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), do 18 de abril de 2012: “(...), en cada Relación de Puestos de Trabajo se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las facultades discrecionales de organización que corresponden a la misma. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas opciones razonables en presencia en cada supuesto, por ser competencia de quien gobierna...”

A Xunta de Goberno Local, na sesión de 5/09/2025 acordou a aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (RPT) 2025. Expte 46152/220.

Polo tanto, o citado documento constitúe a memoria organizativa e a fonte de datos na elaboración dos traballos do presente anteproxecto do capítulo 1 de gastos dos orzamentos municipais 2026.





As variacións que se produzan como consecuencia da racionalización/creación de prazas no orzamento 2026 deberá reflectirse na RPT correspondente a 2026

DATOS ANTEPROXECTO CAPITULO I DE GASTOS ORZAMENTO 2026

En consecuencia, procedese a actualización dos datos económicos na simulación orzamentaria e a realización de novos cálculos, ao obxecto de reflexar orzamentariamente os acordos acadados, realizando os axustes necesarios, previa consulta coa Dirección superior Contable e Orzamentaria e seguindo as súas indicacións:

-No referido ás retribucións de persoal:

No documento consígnase unha contía global de **59.135.106,77 €**, abrangendo a mesma as retribucións básicas dos funcionarios (soldo base en 14 pagas e antigüidade) e complementarias (complemento de destino, complemento específico) e persoal laboral así como as dotacións orzamentarias consignadas para o persoal eventual –cuxo número é réxime corresponde determinar á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos termos e condicións da configuración efectuada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local- que debe axustarse en todo caso aos límites no incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público:

est_cob_cod	est_cob_des	BASICASPTO	ANT. PTO	CD PTO	CE PTO	TOTAL
2	Personal Laboral	3.397.542,80 €	563.897,28 €	2.047.016,44 €	4.088.855,40 €	10.097.311,92 €
F1	Funcionarios grupo A1	2.203.019,70 €	447.083,33 €	1.611.508,08 €	3.683.651,72 €	7.945.262,83 €
F2	Funcionarios grupo A2	1.929.110,16 €	340.307,11 €	1.329.434,82 €	2.606.333,38 €	6.205.185,47 €
F4	Funcionarios grupo C1	6.882.876,90 €	1.308.968,50 €	4.376.592,36 €	9.531.915,78 €	22.100.353,54 €
F5	Funcionarios grupo C2	2.880.260,60 €	295.361,52 €	1.705.044,18 €	5.206.810,00 €	10.087.476,30 €
F7	Funcionarios grupo E	356.451,34 €	14.392,70 €	198.243,78 €	416.744,58 €	985.832,40 €
4	Personal Eventual	732.301,50 €				732.301,50 €
Total general		18.381.563,00 €	2.970.010,44 €	11.267.839,66 €	25.534.310,86 €	58.153.723,96 €

-En canto as retribucións da Corporación Municipal:

Convenio 30 (Corporacion 14 pagas)				
		Basicas	Antigüidade	Total Retrib
		713.960,66 €	23.779,99 €	737.740,65 €
Convenio 31 (Corporacion 12 pagas)				
		Basicas	Antigüidade	Total Retrib
		242.544,00 €	0,00 €	242.544,00 €
	TOTAL	956.504,66 €	23.779,99 €	980.284,65 €

Outras aplicacións incluídas no Capítulo I de gastos

A determinación dos importes das aplicacións non correspondentes a retribucións fixas e periódicas que se integran no Capítulo 1 de gastos é a seguinte:



1.- Aplicación 221.0.162.04.00 **“Fondo social”** dotada dun crédito inicial de 480000,00€, manténdose o crédito do orzamento 2025.

2.- No anteproxecto de orzamento 2025, o crédito inicial da partida 920.0.150.0000 **“Produtividade”** establécese nun importe de 160.000,00 €. Con cargo a dita partida estímase un gasto polo aboamento dos complementos de produtividade contemplados nas instrucións de plantilla, manténdose o mesmo importe que o aprobado no orzamento do ano 2025.

Deberase ter en conta a necesidade de posible realización de trasferencias de créditos non consumidos dos postos vacantes existentes, de se-lo caso.

3.- A Aplicación 132.0.1500000.- **“Produtividade Servizo Policía Local”** contou cun crédito inicial da partida no ano 2024 por importe de 240.000,00 €. A mesma deberase imputar o gasto ocasionado polo complemento de produtividade a aboar en concepto de programa de dispoñibilidade ao persoal do Corpo. Para o orzamento 2026 propónse manter o crédito aprobado no orzamento 2025, debendo considerarse os posibles incrementos a realizar nesta aplicación orzamentaria mediante as correspondentes modificacións con cargo aos créditos mensuais non consumidos correspondentes aos postos vacantes do programa 132.0.

4.- Na Aplicación 136.0.1500000.- **“Produtividade Servizo Extinción Incendios”**, establecece un crédito inicial establecido en 20.000,00€, igual cantidade que no orzamento 2025. No caso de estimarse a necesidade de aprobación dalgún expediente de complemento de produtividade para o persoal deste Servizo que supere o crédito inicial desta aplicación orzamentaria, estará supeditado a existencia de crédito non consumido dos postos vacantes do programa 136.0 que permita realizar a pertinente modificación de crédito.

5.- Na Aplicación 920.0.151.00.00.- **“Gratificacións Servizos Municipais”** o crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capítulo I de gastos do Orzamento 2026 é de 150.000,00€, debéndose prever, como nos anteriores apartados, a realización das pertinentes modificacións de créditos non consumidos da totalidade dos postos vacantes, excepto as dos programas 132.0 e 136.0, estando supeditado o aboamento de gratificacións aos créditos existentes en cada momento.

6.- Con cargo a aplicación 132.0.151.00.00.- **“Gratificacións Corpo Policía Local,”** cun crédito inicial proposto de 50.000,00 € igual ao do ano 2025, imputarase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 132.0. No caso de ser insuficientes realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario.

De todos os xeitos non debese esquecer a limitación do crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias conforme ao disposto no artigo 6 do RDRFAL e respecto do persoal funcionario a limitación global aos créditos por gratificacións extraordinarias establecido no art. 7 do citado Real Decreto.

7.- O crédito inicial proposto para aplicación 136.0.151.00.00.- **“Reforzos e outras gratificacións Servizo Extinción Incendios”** no anteproxecto de Capítulo I de gastos do Orzamento 2026 é de 190.000,00€, manténdose o crédito inicial aprobado para o ano 2025.

Con cargo a dita partida imputarase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 136.0. **De igual xeito que nos apartados anteriores, haberá de realizarse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario.**

En canto ás contías máximas do gasto imputable aos concepto de produtividade e gratificacións estarase ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento que se aproben para o ano 2026, segundo os porcentaxes dispostos no Real Decreto 861/1986, polo que deberán adoptarse as medidas oportunas para que o gasto anual nas devanditas partidas non superen os límites fixados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:35	Páxina 9 de 13
47062-220	CSV: A1ADDE-B7CC25-57C8D2-6P4W3D-C2DPRC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- Aínda que o persoal indefinido por sentenza se inclúe no Plan de Estabilización do Emprego Temporal, orzamentáanse os importes correspondentes a antigüidade do persoal actual na aplicación 92001430001 “**Persoal indefinido por sentenza.**” Para o aboamento das retribucións de dito persoal, no caso de non haber tomado posesión da totalidade das prazas incluídas na correspondente OEP na entrada en vigor do orzamento para 2026, deberánse realizar as correspondentes modificacións orzamentarias cos créditos non consumidos correspondentes aos ditos postos que se atopan aínda vacantes.

9.- O crédito inicial da aplicación 221.0.127,0000 “**Plan de Pensións**” (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador) calcúlase supoñendo que o plan o subscriba un máximo de 680 traballadores/as ao tope máximo de achega municipal, en 14 mensualidades, manténdose a mesma cantidade que a aprobada para o ano 2025.

10.- Con respecto ao **concepto 160**, segundo as indicacións da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, realízase axustes respecto das porcentaxes de cotización das vacantes existentes, excluindo no custe a porcentaxe correspondente ao Fondo de Desemprego.

Respecto das aplicacións orzamentarias destinadas ao aboamento das cotas empresariais da **Seguridade Social a cargo da empresa**, cun crédito inicial fixado na cantidade de 18.149.263,36€ que recolle o custo dos seguros sociais dos postos da vixente R.P.T, do Plan de Emprego Municipal, incluíndo persoal funcionario, persoal laboral e persoal eventual, do persoal dos plans de emprego e interinaxes sin praza que poidan levarse a cabo así como a dos membros da corporación con dedicación exclusiva e parcial, faise constar que a mesma recolle o custe das cotizacións dos empregados polas súas retribucións fixas (saldo inicial e antigüidade e o importe do complemento de destino e específico) segundo as indicacións da Dirección Superior Contable data 09/07/2025, así como a achega municipal ao plan de pensións, descoñecendo neste intre as posibles variacións que se podan incluír na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano.

Calquera outra retribución devengada (gratificacións, produtividade, nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, etc) terá a súa repercusión na súa base de cotización e conseguintemente no custe de seguridade social.

11.- Inclúese a aplicación orzamentaria 92001210300 “Creación Fondo de Adecuación Postos”, cun crédito inicial de 100000,00€ e a 1360.1210099 cunha dotación de crédito de 45416,92€

A documentación que se remite, reflicte as variacións producidas ata a data deste informe.

De acordo coas instrucións do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación incorporadas ao expediente, con posterioridade á mesma, aos efectos de manter a coherencia técnica e orzamentaria entre os acordos e o proxecto orzamentario, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto**, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2026, en consecuencia, os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, unha vez que se formen os datos para o Orzamento 2026, deberán diferirse ao ano seguinte. Se o acordo se adopta no ano 2025, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos deberán conter esta condición explícita así como a realización da correspondente modificación orzamentaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:35	Páxina 10 de 13
47062-220	CSV: A1ADDE-B7CC25-57C8D2-6P4W3D-C2DPRC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



ANTEPROXECTO CAPÍTULO I ORZAMENTOS 2026

Deste xeito, cos axustes producidos segundo acordos da Mesa de negociación, os novos cálculos do anteproxecto do Capítulo I de orzamentos para o ano 2026 quedaría conformado cos seguintes datos:

RETRIBUCIÓN PERSOAL			Importe	Total	
120	Funcionarios	Básicas	14.251.718,70 €		
120		Antigüidade	2.406.113,16 €		
121		CD	9.220.823,22 €		
121		CE	21.445.455,46 €		
130	Persoal Laboral	Básicas	3.397.542,80 €		
		Antigüidade	563.897,28 €		
		CD	2.047.016,44 €		
		CE	4.088.855,40 €		
912.0.110.00.00	Eventuais	Básicas	732.301,50 €		
912.0.100.00.00	Corporación	Básicas + Anti	980.284,65 €		
920.0.143.00.01	Persoal indefinido por sentenza (ant.)		1.098,16 €		
			Subtotal	59.135.106,77 €	
SEGURIDADE SOCIAL			Importe	Total	
160	Funcionarios		14.155.753,28 €		
	Persoal Laboral		3.237.939,83 €		
	Eventuais		216.600,95 €		
91201600001	Corporación		236.761,88 €		
24101600001	Plan de Emprego		300.000,00 €		
92001600099	Interinaxes sen praza		1.207,42 €		
13201600002	Axustes		1.000,00 €		
			Subtotal		18.149.263,36 €
PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS			Importe	Total	
920.0.150.00.00	Produtividade Servizos Municipais		160.000,00 €		
132.0.150.00.00	Produtividade Servizo Policía Local		240.000,00 €		
136.0.150.00.00	Produtividade Servizo S.E.I.S.		20.000,00 €		
920.0.151.00.00	Gratificacións Servizos Municipais		150.000,00 €		
132.0.151.00.00	Gratificacións Servizo Policía Local		50.000,00 €		





136.0.151.00.00	Reforzos e outras gratificacións	190.000,00 €	
		Subtotal	810.000,00 €
OUTROS CONCEPTOS CAP I		Importe	Total
...162.00.00	Formación do persoal municipal	56.800,00 €	
221.0.127.00.00	Plan de Pensións (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador)	545.781,60 €	
136.0.160.08.00	Asistencia médica "mergullo" Servicio Extinción de Incendios	2.000,00 €	
1360 1210099	Aplicacion estudo SEIS	45.416,92 €	
221.0.160.08.00	Asistencia medica do persoal	209.007,80 €	
221.0.160.08.01	Asistencia médico-farmacéutica	601,01 €	
221.0.161.03.02	Complemento de pensións por xubilacións	5.469,44 €	
221.0.161.04.00	Reserva para xubilación anticipada	1.000,00 €	
221.0.162.04.00	Fondo Social (ART. 30 Acordo Regulador)	480.000,00 €	
221.0.162.05.00	Seguro Colectivo Vida E Accidentes	192.778,16 €	
241.0.131.00.00	Planes Empleo	1.210.000,00 €	
920.0.1210109	Creacion Fondo de Adecuacion Postos	100.000,00 €	
920.0.140.00.00	Interinos sin praza	400.000,00 €	
920.0.141.00.00	Indemnizacións Por Sentencias Xudiciais Ou Resolucións Doutras Administracións	72.000,00 €	
920.0.141.01.00	Abono incapac. Temp. Duración tram. Invalidez	1.000,00 €	
920.0.162.04.00	Fins culturais/deportivos Art 34 convenio	6.010,12 €	
920.0.162.04.00	Seguro accidentes vehículos municipais	1.803,03 €	
920.0.162.05.02	Seguro carnet conducir condutores	1.095,96 €	
		Subtotal	3.330.764,04 €
		TOTAL	81.425.134,17 €

En calquera caso, resulta de inescusable cumprimento o previsto no marco normativo de aplicación en materia de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, aspecto este que deberá ser verificado durante a tramitación do proxecto de Orzamentos Municipais para o ano 2026.

CADRO DE PERSOAL

O cadro de persoal, que figura entre a documentación técnica incorporada ao presente expediente, é unha manifestación da potestade de auto-organización das corporacións locais, recoñecida no artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

O cadro de persoal está ligado ao orzamento, vinculando as políticas de xestión de persoal da corporación e converténdose en un elemento imprescindible para dar cumprimento á legalidade orzamentaria, indicando os postos que poden cubrirse coas dotacións orzamentarias dispoñibles. Ao mesmo tempo configúrase tamén como un límite negativo, xa que non poden crearse, nin cubrirse, postos ou prazas que non estean dotadas orzamentariamente.

Deste xeito, o artigo 90 da citada LRBRL, dispón que lle corresponde a cada Corporación aprobar anualmente a través do Orzamento, a plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e deberá responder aos principios de racionalidade, economía, e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepasar os límites que se fixen con carácter xeral.



Á súa vez, o artigo 126 do RDLex. 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as plantillas deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e responder aos principio do mencionado artigo 90 da LRBRL.

O RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP, non recolle expresamente o concepto de plantilla ou cadro de persoal, aínda que no seu artigo 73.3 establece que os postos de traballo poderán agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación e mobilidade.

A plantilla ou a cadro de persoal orzamentario para o exercicio 2026 queda conformado con un total de 1428 prazas, das cales:

- 1107 prazas se corresponden a persoal funcionario de carreira.
- 302 prazas que se corresponden a persoal laboral.
- 20 prazas que se corresponden a persoal eventual.

No presente expediente figuran anexados os documentos técnicos referidos ao Cadro de Persoal 2026, Praza-postos asociados-Imp CE, Retribucións dos postos incluídos na RPT ordenados por unidade administrativa, Retribucións dos postos incluídos na RPT ordenados por programa orzamentario, Total por estado de Cobertura e Total por programa e partida económica.

Con todo exposto, emítese o presente informe aos efectos que procedan en relación co anteproxecto do Capítulo 1 dos Orzamentos Municipais para o ano 2026.

Vigo, data sinatura dixital

A administrativa de Administración Xeral da Área de RRHH e Formación.- Tatiana Ordóñez del Pazo

A técnica de organización e xestión de RRHH.- Rosa María Otero Malvárez

A técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos.- Sonia Estrada Ibáñez

Conforme:

A xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/09/2025).- Patricia Rodríguez Calviño.

